

FICHA TÉCNICA

CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (CRAEGA)

Creación: Por Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG núm. 93 do 16.05.1997). Corrección de erros DOG núm. 100 do 27.05.1997.

Regulamentación:

- R(CEE) nº 834/2007, do Consello, do 28 de xuño de 2007 sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) 2092/91.
- Regulamento (CE) 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2007 do Consello.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG núm. 70 do 14.04.09). Modificada polas Ordes do 4 de febreiro de 2011 (DOG núm. 28 do 10.02.11) e do 14 de decembro de 2018 (DOG núm. 244 do 24.12.18).

Enderezo: Ronda M^a Emilia Casas Baamonde s/n edif. Multiusos
27400 Monforte de Lemos (Lugo)

Tel.: 982 40 53 00

Fax: 982 41 65 30

correo electrónico: craega@craega.es

Web: www.craega.es

Presidente: Francisco López Valladares

Rexistros ano 2018:

Superficie:	33.736,4 ha
Produtores:	723
Elaboradores, importadores e comercializadores:	267

Volume da actividade ano 2018:

Valor económico estimado: 78 711 386 €

Ámbito xeográfico do control

A zona xeográfica na que exerce o seu control o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) é todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.

Produto protexido pola agricultura ecolóxica



A agricultura ecolóxica é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Emprégase nela prácticas agrícolas que fomentan o equilibrio do ecosistema, evitando ou excluindo a case totalidade de produtos químicos de síntese, como fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc., recorrendo a outras técnicas como a rotación e asociación de cultivos, o emprego de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establecemento de sebes e o mantemento doutra vexetación dentro das parcelas.

Os produtos ecolóxicos avalados polo Craega levarán no seu etiquetado, presentación e publicidade as indicacións que fagan referencia ao método de produción ecolóxica de acordo co establecido na normativa comunitaria e irán acompañados da correspondente marca de certificación do Craega.

Características da produción ecolóxica

O CRAEGA certifica calquera produto de consumo humano e animal excepto a caza e a pesca extractiva. A certificación abarca a toda a cadea do produto, dende a produción, pasando pola elaboración, envasado e comercialización do produto.

Por ser produtos que se obteñen co máximo respecto ó medio ambiente e benestar animal, non conteñen produtos químicos de síntese. Pódese dicir, polo tanto, que posúen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.



* A partir de 2017 considérase un único rexistro cando para un mesmo NIF hai varias instalacións inscritas.

